

IV. OPOSICIÓNS E CONCURSOS

SERVIZO GALEGO DE SAÚDE

RESOLUCIÓN do 10 de maio de 2012, da Dirección de Recursos Humanos do Servizo Galego de Saúde, pola que se fai público o lugar e data de realización do segundo e o terceiro exercicio da fase de oposición do proceso selectivo para o ingreso na clase de farmacéutico inspector de Saúde Pública, persoal sanitario funcionario ao servizo da comunidade autónoma incluído no ámbito de aplicación da Lei 17/1989, do 23 de outubro.

A Resolución da Dirección de Recursos Humanos, do 27 de xullo de 2010, pola que se convoca concurso-oposición libre para o ingreso en diversas clases de persoal sanitario funcionario ao servizo da comunidade autónoma incluído no ámbito de aplicación da Lei 17/1989, do 23 de outubro, prevé no número 3 da base sexta, que os exercicios da fase de oposición se realizarán no lugar e á hora que se fixe nunha resolución da autoridade convocante, que terá que publicarse no *Diario Oficial de Galicia*, polo que este centro directivo,

RESOLVE:

Primeiro. Convocar os/as aspirantes que superaron o primeiro exercicio de oposición para o ingreso na clase de farmacéutico inspector de saúde pública, para a realización do segundo e terceiro exercicio da fase de oposición, o 8 de xuño do 2012, ás 10.00 horas, na Escola Galega de Administración Pública, sita na rúa Madrid n.º 2-4 de Santiago de Compostela.

O terceiro exercicio deberán realizalo aqueles aspirantes que, tendo superado o primeiro exercicio, figuren como non exentos na listaxe publicada en execución da Resolución do 8 de setembro de 2011 da Dirección de Recursos Humanos.

Segundo. Os/as aspirantes terán que ir provistos necesariamente do documento nacional de identidade ou documento fidedigno acreditativo da súa identidade e de bolígrafo azul ou negro.

Queda prohibido o acceso ao lugar de realización dos exames con aparellos de telefonía móbil ou soportes con memoria, e será causa de inadmisión ao chamamento a tenza daqueles. Advírtese que non haberá servizo de recollida de teléfonos móbiles.

Terceiro. Os/as aspirantes serán convocados/as aos exercicios nun único chamamento e serán excluídos/as do concurso-oposición os/as que non comparezan.

No marco das previsións da Lei 7/2004, do 16 de xullo, galega para a igualdade de mulleres e homes e da Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes, permitirase ás mulleres embarazadas, que se encontren ingresadas no mesmo día do exame, facer o segundo exercicio da fase de oposición.

Por iso, coa única limitación de respectar, en todo caso, a unidade de acto e de tempo de execución fixados nesta resolución, como garantía de igualdade e de imparcialidade para todos/as os/as aspirantes, desprazarase ao centro sanitario unha delegación do tribunal que permita a execución material da proba a aquelas opositoras xestantes que previamente o xustificaran e solicitaran no fax da Dirección de Recursos Humanos 881 54 28 18, ata as 48 horas anteriores á hora fixada para a realización do exercicio.

Cuarto. Esta resolución poderá ser impugnada polos/as interesados/as nos termos previstos no número 3 da base oitava da citada convocatoria.

Santiago de Compostela, 10 de maio de 2012.

Esperanza Fernández Lago
Directora de Recursos Humanos do Servizo Galego de Saúde